

# O BARCO

## Festas do Cristo

13-17 SETEMBRO 2023





# SAÚDA DO ALCALDE

Chegan as Fiestas do Cristo. As festas maiores do Barco, que reúnen de novo a velllos amigos, xuntan nunha mesa á familia e axudan a que, por uns días, a ledicia e a diversión reínen na vila. O programa previsto para este ano é froito de moito tempo de traballo da Concellería de Cultura, e espero que sexa do agrado tanto dos veciños e veciñas da localidade como de todos aqueles que nos visitan durante estes días.

Neste programa de festas hai un amplio abano de posibilidades para todos: deporte, actuacións musicais, boas orquestras, coa Panorama para o día grande, actividades culturais para todos, e actos para os más pequenos. Outro acto relevante deste ano será a actuación do grupo "Los Secretos", prato forte dos concertos que terán lugar na nosa vila para celebrar o 50 aniversario do Centro de Deportes Barco. Noraboa á directiva, xogadores e seguidores por esta efeméride.

Espero que estas festas sirvan para que todos e todas poidamos esquecer por un tempo os problemas que nos preocupan durante o resto do ano. É momento de estar cos amigos aos que hai tempo que non vemos, de gozar das comidas



familiares, de volver a encher o noso paseo do Malecón e de non deixar pasar as oportunidades de diversión que se ofrecen con motivo das Fiestas do Cristo. É, en definitiva, o momento de vivir con intensidade as últimas festas deste verán, antes de que de novo chegue o outono e a volta á rutina.

Quero facer chegar unha aperta a aqueles barquenses que non estarán connosco nestas festas, e un agradeceamento especial para os que nas últimas semanas, e tamén durante os días festivos, están traballando para que transcorran da mellor forma posible e para que o resto da veciñanza poidamos gozar delas.

Felices fiestas do Cristo!!!!

Alfredo García

A handwritten signature in blue ink that reads "R. García". The signature is fluid and cursive, with a large, stylized "G" at the beginning.

Alcalde



# O pregón 2023



# JULIO MOURELO FULGUERAL

Julio Mourelo Fulgueral naceu en Tarifa (Cádiz) o 20 de agosto de 1944. Outramente, considérase barquense, xa que aos 2 anos regresa ao Barco coa súa nai Gloria. O seu pai, carabineiro de profesión antes que churreiro, quedou no seu destino uns anos máis.

A infancia de Julio transcorreu feliz entre a escola e a catequese de D. Miguel. Comezou os seus estudos de bacharelato na academia dos irmáns Dequidt e xa de adolescente pasa a cursar a peritaxe mercantil na Academia Comercial.

Antes de cumplir co servizo militar obrigatorio, compaxinou cos seus estudos dous importantes afeccións: a fotografía e a música; fundando co seu amigo Gildo a rondalla "Airiños do Barco" en 1961, na que el tocaba, entre outros instrumentos, a guitarra, unha que o seu pai lle comprara por 100 pesetas.

En 1966, tras unha oposición, iniciou a súa vida laboral en Caja Ourense, desenvolvendo o seu traballo ata a súa xubilación.

Aos 22 anos coñece a Marta, que o 25 de outubro de 1968 se convierte na súa esposa e na nai dos seus fillos.

Gran parte da súa vida a dedicou ao coidado dos seus: pais, sogros, fillos e netos. Pero a dedicación á súa familia non lle impidiu destinar gran parte do seu tempo libre ao servizo desinteresado en distintas asociacións.

Entre os anos 1970 e 2012 dirixiu o coro parroquial de Viloira con gran familiaridade e entusiasmo.



Dende 1972 desempeñou o cargo de tesoureiro na confraría Jesús Nazareno.

Foi tamén tesoureiro no Orfeón Valdeorrés e no Casino do Barco. En ambas tamén formou parte da xunta directiva.

En 2009 e ata o 2022 fixose cargo da dirección de Cáritas interparroquial, atendendo á invitación de dous amigos seus. Neste organismo deixou constancia do seu bo fazer e empatía coas persoas más necesitadas.

Neste 2023 Julio Mourelo será o encargado de ler o Pregón das Festas do Cristo.



# PROGRAMA FESTAS DO CRISTO

**Venres 8 de setembro**  
**Inauguración da exposición**  
**Martín Códax**

Teatro Lauro Olmo

20:00 horas

Esta exposición consta de 12 paneis con información sobre o pergaminho Vindel. Tamén forma parte da mostra unha edición faxsímile do pergamiño.

**Sábado 9 de setembro**  
**6º Memorial Jess Carrera**  
**de Fútbol-Sala**

Pavillón de Calabagueiros

19:45 horas

Pizarras Los Tres Cuñados - Sala Ourense 2014 F.S. (2ª nacional B)



**Martes 12 de setembro**  
**Anxo Santomil.**  
**Exposición**

Casino do Barco

20:00 horas

Unha pequena escolma de traballos realizados a plumilla e tinta reproducindo obras arquitectónicas, detalles artísticos e paisaxes urbanas.

## EXPOSICIÓN



*Anxo Santomil*  
**DEBUXOS**

*Unha pequena escolma de traballos realizados a plumilla e tinta reproducindo obras arquitectónicas, detalles artísticos e paisaxes urbanos*

**12-30 SETEMBRO 2023**

**CASINO**  
 Sala de exposicións



# Mércores 13 de setembro

## Circo Krasnovarak

 O Malecón

 19:00 horas

Troula Animación presenta 'Circo Krasnovarak', un espectáculo con animais xigantes que percorrerán as rúas do Barco. Un divertido e orixinal pasarrúas para público familiar.



## Pasarrúas Abertal

 Do Malecón ata a praza Maior

 20:30 horas

A agrupación valdeorresa dirixida por Manuel Anxo Durán acompañará ás populares calantornias no seu percorrido cara á praza Maior.



## Pregón e chupinazo

 Praza Maior

 21:00 horas

Julio Mourelo será o encargado de ler o pregón das Festas deste ano. Ao final do acto, o chupinazo marcará o inicio das Festas do Cristo 2023.



## Grupo América

 Campo da Festa

 00:00 horas - Pase único

A formación cumple neste 2023 47 anos de vida. Está considerado o mellor grupo de Galicia e uns dos mellores de España. Os seus espectáculos destacan pola forza e frescura da interpretación en directo, por un repertorio sorprendente, unha posta en escena contundente, unha montaxe acorde aos tempos e un son moi potente.



## Xoves 14 de setembro. Día do Cristo

### O Madrugón

Río Sil

08:00 horas

Tradicional baixada a nado do río Sil. Saída dende a Capitana ao Malecón. Haberá premios para o 1º home, 1ª muller, familia máis numerosa e mellor disfraz. Haberá chocolatada ao finalizar para todas as persoas participantes. Non precisa inscrición.



### Agrupación Musical da Limia cos cabezudos e calantornias

Pasarrúas

11:00 horas

A banda de música percorrerá as rúas e acompañará ás calantornias e aos cabezudos.



### Procesión e Misa do Cristo

Praza Maior

12:00 horas

Procesión coa imaxe de Xesús Nazareno e de seguido, misa solemne na súa honra.



### Concerto da Agrupación Musical da Limia

O Malecón, zona Correos

13:45 horas

A banda de música da Agrupación Musical da Limia, unha formación con máis de 18 anos de vida, será a encargada de dar o concerto do Cristo.



## Concerto "Día das artes galegas Martín Códax"

 Teatro Luro Olmo

 19:00 horas

Beatriz Riobó Agulla, soprano acompañada de Alejo Amoedo ao piano, interpretarán un repertorio de pezas galegas entre as que destacan as 7 cantigas de Martín Códax en versión para canto e piano de Margarita Viso.



## Fogos artificiais

 O Malecón

 22:30 horas

Tradicional sesión de fogos artificiais sobre o río Sil disparados pola Pirotecnia Penide.



## Orquestra Panorama

 Campo da Festa

 21:00 horas - 1º pase

A orquestra Panorama foi a encargada de revolucionar o ambiente musical das verbenas innovando cos grandes éxitos musicais máis actuais e introducindo novos estilos, así como con actuacións novedosas con fermance, acróbatas, disfraces, técnicas punteiras en luz e son coas que conseguiu atraer a un público máis novo e introduciolo na cultura das verbenas.

A orquestra ten participado en galas contra o cancro e compartiu escenario con David Bisbal, Mónica Naranjo e Carlos Baute entre outros.

A día de hoxe realiza xiras por toda España

 00:30 horas - 2º pase

e está considerada socialmente unha das mellores orquestras do noso país.



Venres 15 de setembro

## Charanga TDB

📍 Pasarrúas

⌚ 11:00 horas



## The Show Moscón

📍 Beira do Sil

⌚ 19:00 horas

Tras case 15 años producindo espectáculos con títeres, Galitoon presenta a súa nova obra. "The Show Moscón", é un Circo de títeres ambulante de "varietés", presentado por un moscón. Entre os diferentes números poderemos gozar de verdadeiras divas da canción, absurdos números musicais, arrepiantes magos e mentalistas, bebés equilibristas e un senfín de humor.



## Concerto Son do Sil

📍 Praza Maior

⌚ 23:00 horas

Nace como formación musical masculina en 2007 grazas ao proxecto común de músicos e cantantes de distintas procedencias Tuna de O'Barco e outras tunas universitarias e agrupacións corais, entre elles o Orfeón Valdeorrés. Despois do parón motivado pola pandemia, rexorden con máis forza que nunca para presentarnos o seu novo repertorio coa calidade de sempre.



## Orquestra Tekila

📍 Campo da Festa

⌚ 20:30 horas - 1º passe

⌚ 00:59 horas - 2º passe



Se falamos de orquestras asturianas, sen dúbida o Grupo Tekila é unha das más importantes. O seu secreto: a súa intensidade, as súas ganas de crecer e a súa constante innovación. As cancións que interpreta o grupo Tekila van dende o pasodoble ata o reggaeton.



# Sábado 16 de setembro

## Parque de xogos

Pavillón Vello

11:00 a 14:00 horas

17:00 a 20:00 horas

Inchables para os máis pequenos da casa.



## 5º Campionato de Petanca "Festas do Cristo"

Pistas do Chao

Mañá e tarde

Organiza: Club Petanca Valdeorras



## Festa das pandillas

Praia fluvial do Malecón

12:30 horas

Recepción de pandillas do Barco ás 12:30 horas. A partir das 13 h. sesión vermu da Festa das pandillas do Barco amenizada polo grupo "Los Íñigos", que chegan do pasado e veñen dispostos a recuperar o esplendor da música española e facer bailar a todo o que se lles poña por diante. Seis músicos en rigoroso directo con moitas ganas de que o público o pase, polo menos, tan ben coma eles. A continuación, xantar popular. Necesaria a inscrición previa das pandillas a través da web do Concello ou no 3º andar do edificio multiusos.



## Sábado 16 de setembro (cont.)

### Descenso Turístico do Sil

Sobradelo - O Barco

16:00 horas

Descenso popular polas augas do Sil para todas aquelas persoas que desexen participar nas súas propias embarcacións, lanchas, kaiaks...



### Tren Fluvial

Estación de tren do Barco

17:30 horas

Saída do tren fluvial (gratuíto) ata Sobradelo para animar o Descenso do Sil, acompañados da charanga Achicoria.



### Pizarras Los Tres Cuñados F.S. vs CVC Valladares F.S.

Pavillón de Calabagueiros

19:30 horas

Partido de Fútbol-Sala da liga, xornada 1.



### LV Descenso do Sil en Piragua

Sobradelo - O Barco

18:00 horas

55 edición desta veterana e prestixiosa proba de piragüismo, un dos actos imprescindibles das festas do Barco. Ás 20:00 horas no Malecón, terá lugar o acto de entrega de premios.



### Orquestra Cinema

Campo da Festa

21:00 horas - 1º pase

01:30 horas - 2º pase



Tras vinte anos de evolución e reinvenções, a orquestra estradense conseguiu consolidarse como unha das mellores orquestras de Galicia.



## Concertos

### 50º Aniversario C.D. Barco

 Explanada de CEDIE

 A partir das 22:30 horas

Para celebrar os 50 anos do Centro de Deportes Barco, a banda "Los Secretos" actuará no Barco ás 23:30 h.

Letras que se aproximan ao poema e sons que evocan melancolías. Esta é a fórmula coa que a incombustible banda de "Los Secretos" leva trunfando dende os anos setenta. As súas míticas, inolvidables e sobrevivias cancións acompañánnos nos recordos alegres e tamén nos momentos de soidade. Quen non sabería acompañar a letra de temas como *Déjame*, *Ojos de gata*, *Pero a tu lado* ou *Aunque tú no lo sepas?*.

O concerto dos secretos estará precedido polo grupo local Sr. Jingles.

Despois das actuacións dos grupos, a DJ Sofía Cristo, acompañada dos DJ locais Jorge Rodríguez e Dani Argü Dj continuarán animando a festa.



## Domingo 17 de setembro

### Grupo Amanecer Os Charangueiros

Rúas do Barco

12:00 horas

Percorrerán ás rúas do Barco animando a gozar da festa dende as primeiras horas do día.



### Parque de xogos

Pavillón Vello

11:00 a 14:00 horas

17:00 a 20:00 horas

Inchables para os más pequenos da casa.



### La Banda del Pájaro

O Malecón esquina José Otero

13:00 horas

"La Banda del Pájaro" é unha formación de catro músicos da Coruña que teñen unha longa bagaxe nos escenarios e locais de Galicia tocando versións de todas as épocas e facendo un directo próximo e participativo co público.



### XXXV Milla Urbana do Barco

O Malecón

18:00 horas

Proba nacional de atletismo nas categorías absolutas masculina e feminina e carreira popular para todas as idades. Ás 20:30 terá lugar a entrega de premios no Malecón.



## CD Barco - CP Alertanavia

 Campo de Calabagueiros

 18:00 horas

Partido de liga rexional preferente CD Barco - CP Alertanavia.



## Orquestra Gran Parada

 Campo da Festa

 20:30 horas - Pase único

Gran Parada é unha das formacións musicais con máis historia de Galicia. Ao longo deste máis de medio século de historia, os esforzo e a categoría dos seus músicos e cantantes lograron un éxito notable e a orquestra está hoxe entre as más destacadas formacións musicais de Galicia.



Luns 18 de setembro

## Día do neno

Pases a metade de prezo  
en todas as atraccións





DESENHO DO CARTEL: ANXO SANTOMIL